

Waldemar Bonsels

A abella Maia

e as súas aventuras

DA BIBLIOTECA DE

.....

.....





## Capítulo 1

### Maia foxe da súa cidade natal

A veterana abella encargada de axudar a pequena Maia cando espertou á vida e saíu da súa cela chamábase Casandra e era moi respectada na colmea. Daquela vivíanse tempos moi turbulentos, porque entre o pobo das abellas estalara unha sublevación que a raíña non daba reprimido.

Mentres a experimentada Casandra lle secaba os ollos grandes e brillantes á pequena Maia (cuxas aventuras hei relatar a continuación) e trataba de amañarlle un pouco as tenras ás, a gran colmea vibraba cun zunido ameazador, e a pequena Maia díxolle á súa acompañante que tiña moita calor.

Casandra mirou ó seu redor, preocupada, pero de momento non lle contestou á abelliña. Sorprendeuse de que a pequena empezase a dar queixas tan pronto, pero a verdade era que tiña razón: a calor e a angostura case resultaban insoportables. Maia non deixaba de ver abellas e máis abellas a correr de aquí para alá, con tanta prisa e precipitación que ás veces pasaban unhas por riba doutras, e algunhas aínda avanzaban a rolos, amoreadas en bólas.

Nun momento dado tiveron a raíña a pouca distancia. Casandra e Maia víronse empuxadas un pouco para un lado, pero un abázcaro, un simpático macho de abella de idade moza e coidado aspecto, foilles valer. O abázcaro saudou a Maia cunha inclinación de cabeza e, algo nervioso, fregou os

relucentes peliños do peito coa pata dianteira, que as abellas usan a modo de brazo e man.

–Vaise armar unha boa –díxolle a Casandra–. O enxame dos revolucionarios quere abandonar a cidade. Xa proclamaron unha raíña nova.

Casandra case que nin mirou para el. Non lle agradeceu sequera a súa axuda, e a Maia pareceulle sen dúbida que a señora abella fora moi antipática co abázcaro mozo. Non ousou preguntar nada; recibía tantas impresións distintas e tan seguidas que se sentía un chisco atordada.

Aquel nerviosismo xeral acabou por contaxiárselle e púxose a zunir baixiño.

–Como se che ocorre? –dixo Casandra–. Paréceche que non hai ruído abondo?

Maia calou decontado e dirixiulle unha mirada interrogante á súa veterana amiga.

–Ven –díxolle esta a Maia–. Imos tratar de acubillarnos acá.

Empuxou un chisco a Maia pola fermosa á escintillante, que aínda era branda, noviña e marabillosamente transparente, cara ó recanto pouco transitado que conformaban dúas lacenas de panal, cargadiñas de mel ó tope.

Maia quedou parada e tocou unha das lacenas.

–Mmm, ole que recende –díxolle a Casandra.

A abella veterana volveuse preocupar.

–Debes aprender a ter paciencia –respondeu–. Escoita, só nesta primavera levo criado e adestrado varios centos de abelliñas novas para o seu primeiro voo, e é a primeira vez que topo cunha pequena tan preguntona. Seica es dunha natureza excepcional.

Maia púxose colorada e meteu na boca os dous dediños tenros.

–E iso que é? –preguntou con timidez–. Que é unha natureza excepcional?

–Iso é de mala educación! –rifoulle Casandra, que se refería ó xesto de chupar os dedos, non á pregunta da abelliña, que pasara por alto–. Mira, agora tes que estar atentísima a todo canto che explique, porque non che podo dedicar moito tempo. Naceron máis abelliñas, e a única axudante que teño nesta planta, Turca, xa non dá feito en condicións normais, e aínda por riba leva uns días queixándose de zunidos nos oídos. Senta aquí.

Maia obedeceu e mirou a mestra cos seus grandes ollos castaños.

–A primeira norma que debe recordar unha abelliña nova –dixo Casandra, suspirando– é que cómpre pensar e actuar exactamente igual cás máis e procurar sempre e en todo momento o beneficio da comunidade. Niso e só niso se cimenta o benestar do Estado; así o descubrimos en tempos inmemoriais e así quedou demostrado en repetidas ocasións. Mañá terás que voar. Irá contigo unha compañeira de máis idade. Ó principio só poderás voar distancias curtas e terás que ir fixándote moi ben nos obxectos xunta os que pases, para logo usalos de referencia cando che toque retornar. A túa compañeira hache aprender cales son as cen flores que dan o mellor néctar e ti has ter que aprendelo todo de cor: disto non se libra ningunha abella. Mira, xa podes ir memorizando a primeira liña: «Flor de breixo e flor de tileiro». A ver, repíteo.

–Non sei –respondeu a pequena Maia–. É dificilísimo! Xa o verei máis adiante.

A veterana Casandra estartelou os ollos e deulle á cabeza.

–Que mal vas acabar, filliña –suspirou–. Estouno vendo.

–E terei que pasar o día enteiro a recadar néctar? –preguntou Maia.

Casandra suspirou fondo e, por un instante, mirou para a pequena abelliña con gravidade e tristeza. Era coma se acordase a súa propia existencia, repleta do principio á fin de fatigas e traballos. E de pronto mudou o ton e mirou a Maia con cariño:

–Miña pequena Maia, has coñecer o resplandor do sol, árbores altas e verdes, prados louzans e floridos, lagos de prata e regatos rápidos e tremelucen, o límpido ceo azul e, finalmente, quizais incluso os humanos, que son a creación máis sublime e perfecta da natureza. E, voando por riba de todas esas marabillas, o teu labor vaiche resultar unha delicia. Pensa en todas as cousas que has coñecer, amiguiña, e xa verás como tes razóns para ser feliz.

–Moi ben –dixo a pequena Maia–. Iso é xusto o que eu quero.

Casandra sorriu con bondade. Non se explicaba de onde saía, pero de súpeto sentía un afecto moi especial pola pequena Maia, un cariño como non lembraba sentir xamais por ningunha outra abelliña nova. E por tal motivo é ben posible que lle contase e lle explicase á pequena Maia máis do que as abelliñas aprendían normalmente no seu primeiro día de vida. Deulle todo tipo de consellos especiais, avisouna dos perigos do cruel mundo exterior e reveloulle os nomes dos inimigos máis perigosos do pobo das abellas. Por último faloulle con detalle sobre os humanos e instilou no corazón da abelliña o amor por eles e o xermolo dunha viva arela por coñecelos.

–Sé nobre e servizal con todos os insectos que encontres –concluíu Casandra–, porque deles has aprender moito máis do que eu che poida ensinar aquí e agora, pero gárdate ben

dos tártagos e das avespas. Os tártagos son o noso inimigo máis malvado e poderoso, e as avespas son unha raza inútil de ladroas sen patria nin fe. Nosoutras superámoslos en forza e en poderío, pero eles rouban e asasinan indiscriminadamente. Podes usar o aguillón contra todos os insectos para facerte respectar e para defenderte. Iso si, se picas un animal de sangue quente, incluídos os humanos, morrerás sen remisión, porque che quedará cravado o aguillón na súa pel e perderalo.

»Contra esas criaturas debes usar o aguillón soamente en caso de extrema necesidade e, se as picas, que sexa con valentía e sen temor á morte, pois as abellas gozamos de boa fama e somos acredoras de respecto universal grazas á nosa coraxe e á nosa prudencia. E agora adeus, pequena Maia. Goza do mundo e sé sempre leal ó teu pobo e á túa raíña.

A abelliña asentiu e devolveulle á veterana mestra o bico e a aperta. Foi para a cama chea de felicidade e ilusión no seu foro interno e custoulle conciliar o sono coa impaciencia de saber que ó outro día coñecería o inmenso mundo, o sol, o ceo e as flores.

Entrementres fixérase a calma na colmea. Gran parte das abellas mozas abandonaran o reino para fundar un Estado novo. Durante moito tempo sentiuse zunir o grande enxame á luz do sol. Non marcharan por falcatrueiras nin por quererlle mal á raíña, senón porque a poboación aumentara ata tal punto que na cidade xa non había espazo para tantos habitantes, e ademais resultaba imposible acumular provisións suficientes para que todo o mundo pasase o inverno ben mantido. Era así porque unha parte importante do mel que se xuntaba no verán debían cedérllela ós humanos.

Así viña dado en virtude de antigos tratados, polos cales os humanos garantían o benestar da cidade, proporciona-

ban paz e seguridade e, no inverno, protección contra o frío.

Á mañá seguinte Maia sentiu unha voz alegre no seu acubillo.

–Saíu o sol!

Ergueuse dun chimpó e foi correndo onda unha abella meleira.

–Moi ben –dixo esta, amable–, podes voar comigo.

Na porta detivérona os gardas. Aquilo era un fervedoiro de abellas. Un dos porteiros comunicoulle á pequena Maia o contrasinal do seu pobo, sen o cal ningunha abella podía entrar na cidade.

–Recórdao ben –díxolle–. E moita sorte na túa primeira expedición.

Cando a abelliña saíu pola porta da cidade, tivo que pechar os ollos, tal era a luz que refulxía alí fóra. Todo resplandecía en tons dourados e verdes, cunha luz tan intensa, cálida e radiante que de puro xúbilo Maia quedou sen saber o que facer nin o que dicir.

–Pero que marabilla! –díxolle á súa compañeira–. Imos voar por aí?!

–Xaora! –respondeu a outra abella.

Entón Maia ergueu a cabeza con valentía, bateu as fermosas ás tenras e percibiu de súpeto que o piso de madeira en que estaba pousada parecía afundirse cara abaixo. E sentiu asemade coma se a terra esvarase para atrás por debaixo do seu corpo, coma se as grandes cúpulas verdes que vía ante si corresen en dirección a ela.

Acendéuselle a mirada, reloucoulle o corazón.

–Estou voando! –chiou–. Si, seguro, isto ten que ser voar! É fabuloso, unha auténtica delicia!



–Estás, estás voando –respondeu a meleira, a quen lle custaba un chisco seguirlle o ritmo a Maia–. Mira, velaí tes os tileiros ós que nos diriximos, os tileiros do noso castelo. Fíxate neles para recordar onde queda a nosa cidade. Pero estás a voar moi rápido, Maia!

–E máis que puidese! –dixo Maia–. Ai, como recende a luz do sol!

–Non –corrixiuna a meleira, que empezaba a quedar sen folgos–, o recendo sonche as flores. Pero voa máis amodiño, por favor, que outramente hei quedar atrás, e ademais así non podes memorizar a zona para logo atopar o camiño de volta.

Pero a pequena Maia non fixo caso. Estaba sumida nun frenesí de xúbilo, de sol e de alegría de vivir. Tiña a impresión de ir voando coma unha frecha por un radiante mar de luz verde en dirección a un esplendor que non deixaba de intensificarse. As flores de cores parecían chamar por ela, as serenas distancias luminosas atraíana, o ceo azul bendicía o seu eufórico voo xuvenil. «Nunca o mundo será tan fermoso coma hoxe», pensou. «Non podo volver, non podo pensar en nada máis có sol.»

Por debaixo dela sucedíanse as estampas coloridas. Pase-niño, en toda a súa extensión, a plácida paisaxe inundábase de luz. «O sol ha de estar feito de ouro», pensou a abelliña.

Cando comezou a sobrevoar un gran xardín que parecía pousado encol dunhas nubes florecentes de cerdeiras, espiños vermellos e lilas, afrouxou un chisco, morta de cansazo. Caeu nun macizo de tulipáns vermellos e agarrouse a unha das flores de máis tamaño, apertouse contra o pétalo, respirou fondo con deleite e contemplou, por riba do bordo escintilante da flor, o radiante ceo azul.

–Oh, o mundo exterior é mil veces máis fermoso cá escura cidade das abellas! –exclamou–. Non penso volver aló para elaborar mel e fabricar cera. Non, non hei traballar niso nunca xamais! O que desexo é ver e coñecer este mundo de flores. Eu non son coma as demais abellas; o meu corazón está feito para vivir alegrías e sorpresas, experiencias e aventuras. Eu non quero temer perigos. Acaso non posúo forza, valentía e aguillón?

Botou unha gargallada de euforia e ledicia e engulipou un gran grolo de néctar do cáliz do tulipán.

«Que fantástico!», pensou. «Vivir é unha verdadeira maravilla!»

Ai, se a pequena Maia soubese cantos perigos e cantas penas había de pasar, seguramente o pensaría mellor. Pero non o imaxinaba sequera, conque se mantivo firme no seu propósito. De pronto venceuna o esgotamento e adormeceu. Cando acordou, o sol marchara e todo estaba en penumbra. Saltoulle un chisco o corazón e, vacilante, abandonou a flor que xa se dispoñía a pechase para pasar a noite. Acubillouse debaixo dunha folla grande no alto da copa dunha árbore vedraña e, xusto ó prender o sono, reflexionou, optimista: «Non penso perder a coraxe tan pronto. O sol ha volver saír, iso seguro, como ben dixo Casandra. O único que teño que facer é durmir ben e tranquila».